



Os talleres de tecnoloxía crea R para nenos e nenas, no núcleo coruñés do Milladoiro

- *Tras o seu paso en setembro por Cambre (feira da ciencia 'Open Science') e Pontevedra (foro de emprendemento 'Pont-Up Store'), os talleres crea R recalan arestora no Milladoiro, no concello coruñés de Ames, para lles achegar as novas tecnoloxías a nenos e nenas de entre 7 e 12 anos.*
- *Os obradoiros tecnolóxicos desenvolveranse o sábado 15 no antigo centro de saúde do Milladoiro e volverán incidir no fomento das habelencias sociais e emocionais e da creatividade dos/as pequenos/as.*
- *Lugo e Nigrán son os vindeiros destinos no periplo desta quenda outonal dos talleres crea R tras o seu paso polo devandito núcleo do Milladoiro, onde a actividade conta coa colaboración da Oficina do Voluntariado de Ames.*
- *O operador galego mantén a súa aposta pola formación tecnolóxica dos/as máis pequenos/as e xa son máis de 3.300 rapaces e rapazas que teñen desfrutado dos talleres didácticos de crea R.*

Xoves, 13 de outubro de 2022.- Os talleres **crea R** achéganse desta volta á poboación do Milladoiro, no concello coruñés de Ames, cun plan didáctico pensado para os/as pequechos/as da casa e coas novas tecnoloxías e a innovación como eixos centrais.

A idea básica é incidir na aprendizaxe e o emprendemento fomentando, de forma lúdica, as habelencias emocionais e sociais e a creatividade en nenos e nenas de 7 a 12 anos. Este sábado 15, entre as 11:00 e as 13:00 h, os/as pequechos/as poderán achegarse, no antigo centro de saúde do Milladoiro (rúa Agro do medio s/n 15895), a conceptos fundamentais de condutividade e electrónica; e aprenderán a deseñar tamén as bases dun sistema automatizado de rega.

Tres obradoiros temáticos: tinta condutiva, cortocircuitos e rega intelixente

Nos talleres **crea R** do Milladoiro, que contan coa colaboración da Oficina do Voluntariado de Ames, haberá tres propostas para os/as máis novos/as en función da súa idade:

“Contos que cobran vida”. Para nenas e nenos de 7 e 8 anos.

Creando tinta condutiva aprenderán a **integrar conceptos de electrónica** con pilas e elementos condutores. Cando saiban como funcionan, artellarán un conto para, finalmente, engadir luces *led* á súa historia.

“Sala de operacións”. Para nenas e nenos de 9 e 10 anos.

Dun xeito educativo e divertido, mediante a creación dun 'xogo de operacións' que deseñarán e programarán ao seu gusto, os/as pequenos/as aprenderán conceptos básicos de condutividade e sinais dixitais, e tamén o **funcionamento dun cortocircuíto**. Todo iso, a través da chamada placa *microbit* e de diferentes elementos electrónicos.

“Sistema de rega intelixente”. Para nenas e nenos de 10 a 12 anos.

Aprenderán a deseñar un sistema automatizado que detecta o nivel de humidade e a temperatura das plantas para **saber cando deben regarse**, baseándose en sensores de humidade, un sensor térmico integrado e unha placa controladora. Ademais, crearán, dunha maneira visual e amigable, un sistema que lles sirva para entender os datos obtidos.

A través dunha experiencia divertida, os/as cativos/as son quen de coller máis seguridade en si mesmos e de lle dar saída ao seu talento. Aí están, ademais, os **valores do emprendemento** e o miolo dos chamados “conceptos STEAM”: Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas. Ao tempo, deixan de ser meros/as consumidores/as pasivos/as de tecnoloxía e botan man dela creando e aprendendo. Para acadar estes obxectivos, **crea R** conta coa bagaxe do método educativo de *Líbolis* a escola pioneira de emprendemento infantil na nosa comunidade.

Para apuntarse e coñecer máis detalles dos obradoiros crea **R**, esta é a ligazón: <https://blog.mundo-r.com/gl/quecheparece/talleres-crea-r>

Máis de 3.300 rapazas e rapaces e outras localidades

Con esta acción, que **R** leva anos desenvolvendo, o operador galego mantén a súa aposta permanente pola formación tecnolóxica dos/das pequenos/as. De feito, son xa máis de 3.300 rapaces e rapazas quen gozaron dos obradoiros tecnolóxicos crea **R** dende o inicio da súa traxectoria.

Tras o paso polo Milladoiro, os talleres viaxarán a Lugo (22 de outubro) e máis a Nigrán (12 de novembro), completando así esta nova quenda da acción lúdica de **R**, dos seus “talleres de tecnoloxía para pequenos grandes xenios”.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal